



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Persoal

Modificación da Oferta de Emprego Público e a convocatoria aprobadas de acordo coa Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

ANUNCIO

Por resolución número 2023003517, do 5 de xullo, aprobouse a modificación da Oferta Extraordinaria de Emprego Público aprobada de acordo coa Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e a da correspondente convocatoria:

De acordo coa Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, por resolución nº 2022002342, do 20 de maio, aprobouse a Oferta Extraordinaria de Emprego no Concello de Oleiros para a estabilización do emprego temporal (BOP nº 99, do 26 de maio e DOG nº 103, do 31 de maio de 2022 e corrección de erros no BOP nº 129, do 8 de xullo e DOG nº 161, do 25 de agosto de 2022).

Posteriormente, aprobáronse as convocatorias e bases correspondentes aos procesos selectivos. En concreto, a derivada da Disposición Adicional 6ª da citada norma (sistema selectivo de concurso de méritos), aprobouse por resolución número 2022006143, do 15 de decembro (BOP nº 240, do 21 de decembro de 2022 e corrección no BOP nº 49, do 13 de marzo de 2023, e DOG nº 22, do 1 de febreiro de 2023).

No BOE nº 79, do 3 de abril de 2023, publicouse o anuncio que abriu o prazo de presentación de solicitudes.

Despois de presentarse dous recursos de reposición sobre a titulación esixida na categoría de orientador/a profesional (persoal laboral), na que se ofertaban dúas prazas polo sistema de concurso, resolveuse o seguinte:

1.- Modificar a Oferta Extraordinaria de Emprego Público (BOP nº 99, do 26 de maio e DOG nº 103, do 31 de maio de 2022 e corrección de erros no BOP nº 129, do 8 de xullo e DOG nº 161, do 25 de agosto de 2022) e a correspondente convocatoria do proceso selectivo (BOP nº 240, do 21 de decembro de 2022 e corrección no BOP nº 49, do 13 de marzo de 2023, e DOG nº 22, do 1 de febreiro de 2023), do seguinte xeito:

Onde pon:

Persoal laboral

| DENOMINACIÓN | NÚMERO | NIVEL DE TITULACIÓN |
|--------------------------|--------|---|
| Orientador/a profesional | 2 | Grao en relacións laborais ou equivalente |

Debe poñer:

Persoal laboral

| DENOMINACIÓN | NÚMERO | NIVEL DE TITULACIÓN |
|--------------------------|--------|--|
| Orientador/a profesional | 2 | Grao ou diplomatura (plan antigo) en relacións laborais, psicoloxía, ciencias políticas e socioloxía ou equivalentes |

2.-Comunicar esta modificación ao persoal que actualmente se atopa ocupando as prazas temporalmente.

3.-Notificar esta resolución aos colexios profesionais recorrentes debido á estimación das súas pretensións.

4.- Publicar esta modificación da Oferta de Emprego e da convocatoria, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e posteriormente, unha vez publicadas, inserir un anuncio no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, momento este último que sinalará unha nova apertura do prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo nesta categoría, e trasladala ao Comité de empresa do Concello de Oleiros.

5.- As actuacións levadas a cabo por persoas interesadas, no prazo de presentación de solicitudes, manterán a súa validez sempre e cando cumpran cos requisitos da convocatoria unha vez modificada.

Oleiros, 11 de xullo de 2023

A segunda tenente de alcalde delegada de Persoal (D.A. 2023003281, do 21 de xuño).

Margarita Figueroa Vázquez

2023/5763